


Llibros



VOCABULARIO DE MÁNTARAS (TAPIA)

- Autor: Xosé Miguel Suárez Fernández.
- Coleición Xeira Llaboría nº 1, Xeira, 1996.
- 183 páxinas.




D'este mesmo autor xa se publicara un *Vocabulariu de Mántaras* (Academia de la Llingua Asturiana, 1991) unde se brindaba un primeiro achegamento al léxico del gallego-asturiano falao nese lugar costeiro de Tapia. Nesta edición, agora col subtítulo *Aportacións al léxico del gallego-asturiano*, dóbrase el número de vocablos hasta máis de 5.000.

El libro incluye úa introducción unde s'esplican dalgús dos trazos máis carauterísticos da fala de Mántaras y, al acabo, ofrez tamén un llistao d'us centos de refráns recoidos allí. Úa das novidades d'este *Vocabulario de Mántaras* é que tanto a introducción como as definicións tán escritas en gallego-asturiano.

VOCABULARIO D'A RODA (TAPIA)

- Autores: Manuel García-Galano y Jacinto Díaz López.
- Coleición Documentos nº 13, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, 1996.
- 181 páxinas.

Ou é muita coincidencia ou pinta que tamos nun bon momento pral estudio del léxico da nosa fala. Manolo "Galano" y Jacinto Díaz, dous escritores cos que podemos cuntar en ENTRAMBASAUGUAS y que xa tein publicao un mañucín d'obras entre investigación, teatro y narración, volven alló col vocabulario del sou llugar, A Roda.



É esta úa edición que vén a ampliar y corrixir el libro xa publicao nel ano 1995 y que nun era posible atopar nas libbreirías por tar todo vendido.

El *Vocabulario da Roda* é un obra imprescindible pra cualquiera persona interesada na riqueza cultural y llingüística del noso occidente.

FREDO DE CARBEXE

Mourén dos fondales



MOURÉN DOS FONDALES

- Autor: Fredo de Carbexe.
- Coleición Xeira Poesía nº 2, Xeira, 1996.
- 71 páxinas.

É este el primeiro libro de Fredo de Carbexe (Alfredo González Fernández, Carbexe-El Franco, 1967), colaborador d'ENTRAMBASAUGUAS y xeógrafo de profesión.

Como prosista xa foi ganador del V Premio Xeira de narracións curtias y agora ensaya os sous primeiros pasos na poesía.

Úa poesía a súa, as máis das veces d'aire tristao y solitario, que dá voltas al redor de motivos como el frío, el turbón, a escuridá, el paso del tempo, pero que tamén deixa sito pras rayolas que botan luz nun paisaxe verde y moyao como é el del Porcía.

Un libro pra llevar y ller na veira del río.


ESTRENA DA BIBLIOTECA DA VEIGA

Despóis d'un tempo pechada pra darye un marxe ás obras, xa s'abríu na *Casa Villamil* a Biblioteca nova da Veiga. El edificio novo ten agora máis llargancia pra os fondos y prá xente.

Dispón de tres seccións —*Adultos, Infantil y Prensa y revistas*— y empézase tamén con un servicio novo d'emprésta-mo de compactos de música. Ten setenta asentos, el dobre qu'antías, y cunta con úa Sala d'Espocióis y un Auditorio nel que se poden poñer obras de teatro.

Ta tamén trabayándose na colocación del fondo antigo da Biblioteca, del que s'acaba d'editar un catálogo que xa llograra hai dous anos el *Premio Padre Patac* pra investigacións sobre bibliografía asturiana.

Recordamos qu'a Biblioteca abre al público de cuatro a nove da tarde.



Os traballos del herba

Xa ta á venta el último monográfico de *Cultures*, a "Revista asturiana de cultura" qu'edita el Academia de la Llingua Asturiana. Se en números anteriores se ye dera el protagonismo a os llabores del pan, neste nº 7 estudiosos de todas as partes d'Asturias y de dalgúas de fora esplican el que significa y significóu el herba y todo el trabayo relacionao con ella (allindar, regar, cuitar, segar, curar, empayeirar, etc.) na vida dos llabradores: dende os tempos dos ganchos y a gadaña hasta as empacadoras d'hoi en día.

Dende Llanes a Valdés, pasando —entre outros conceyos— por Cuideiru, Cangas, Grau, Xixón, Sariegu ou Quirós, nestas cuase cuatrocentas páxinas hai tamén dous artículos dedicaos al herba nos conceyos máis occidentales y escritos na nosa fala: "El herba nos Ozcos" de José Antonio Álvarez Castrillón y "Os traballos del herba na marina tapiéga" de Xosé Miguel Suárez Fernández.

A NOSA FALA NA TELE

A programación y a contraprogramación fain debeiros nas televisións y nos horarios dos programas y vólvemos tollos fendo *zapping*. Por eso temos que rectificar un dato que demos nel número pasao d'ENTRAMBAS-AUGUAS:

el programa de Teleoccidente feito en gallego-asturiano vai ser os mércores a partir das 8:30 y halo llevar Esteban Nogueiro. Chámase "A nosa fala".



Radio y televisión